Data envío: 06/11/2017 13:52:32.034

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**, sobre as axudas de apoio á etapa predoutoral en Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Con data do 9 de xuño o Diario Oficial de Galiza (DOG) publicou a Orde do 29 de maio de 2017, conxunta da Consellaría de Cultura, Educación e O.U e da Consellaría de Economía, Emprego e Industria, pola que se establecen as bases para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas de apoio á etapa predoutoral nas universidades do SUG, nos organismos públicos de investigación de Galiza e noutras entidades do Sistema galego de I+D+i.

En xuntanza co grupo parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, a Asemblea de Investigadoras de Compostela, expuxo os problemas que están a atinxir as persoas investigadoras en etapa predoutoral e que se veñen sucedendo desde hai anos. Entre eles,

1. As sucesivas demoras na convocatoria das devanditas axudas que acumularon case 11 meses no ano 2017 en relación coa de 2012.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2. A data de resolución da convocatoria, 8 días despois da data límite para a sinatura dos contratos.

3. O tempo de agarda que deriva deste atraso e que abocou as persoas solicitantes matriculadas en programas de doutoramento do SUG no curso 2016/2017 a agardar todo un curso académico sen garantías de ter financiamento.

4. Críticas aos criterios de avaliación que supoñen a discriminación do estudiantado de doutoramento que non investigan asuntos indicados polo FSE ou que non pertencen a un grupo de investigación dos centros promovidos.

5. A imposición de restricións na escolla do destino no que desenvolver a obrigada estadía exterior e o tempo no que esta debe decorrer.

6. A fixación dun límite temporal para poder concorrer a estas axudas impedindo que poidan facelo aquelas persoas licenciadas ou graduadas antes do 1 de xaneiro de 2013 (agás excepcións). Como xa ten denunciado o BNG diante dun criterio semellante introducido nas axudas postdoutorais, este criterio limitador supón de facto unha discriminación por razón de idade e en ningún caso responde a razóns académicas.

Todas estas cuestións supoñen un atranco no acceso a estas axudas que constitúen un elemento fundamental para as persoas que deciden iniciar unha carreira investigadora. Aliás, mesmo impediron nas convocatorias de 2013 e 2014 que se asinasen todos os contratos ao non facer a administración uso das listaxes de agarda despois das renuncias que cada ano se producen, en boa medida, como resultado da resolución das FPU. Tanto é así que a falta de coordinación entre ambas as dúas convocatorias, denuncian desde a Asemblea de Investigadoras de Compostela, e o



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

limitado prazo para a adxudicación das prazas que foran obxecto de renuncia, provocaron que máis de 40 contratos ficasen sen asinar.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en comisión:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

1. Publicar de maneira estábel no primeiro trimestre do ano a Orde pola que se fixan as bases para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas de apoio á etapa predoutoral nas universidades do SUG, nos organismos públicos de investigación de Galiza e noutras entidades do Sistema galego de I+D+i; de xeito que a resolución se produza a máis tardar no mes de xullo co obxectivo de que as persoas beneficiarias poidan saber que o son ao comezo do curso académico (setembro) impedindo, ademais, que poidan ficar contratos sen asinar en ningunha convocatoria.
2. Suprimir nas vindeiras convocatorias a limitación na data de obtención do título de Licenciatura e Grao.
3. Suprimir a obriga de contar con matrícula previa no programa de doutoramento do SUG.
4. Flexibilizar as restricións na realización da obrigada estadía no exterior (quer no momento da escolla do destino, quer no prazo temporal fixado para o seu cumprimento) posibilitando, cando menos, que esta poida ser modificada despois da resolución da convocatoria en función das necesidades e/ou dispoñibilidade do lugar de destino e da persoa beneficiaria da axuda.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

5. Posibilitar a ponderación da nota media do expediente ás persoas candidatas que posúan un título de licenciatura permitindo introducir tamén o promedio dos estudos de mestrados e/ou aquelas outras titulacións precisas para a admisión en estudos de terceiro ciclo.”

Santiago de Compostela, 6 de novembro de 2017

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Noa Presas Bergantiños

Montserrat Prado Cores

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 06/11/2017 13:49:00

María Montserrat Prado Cores na data 06/11/2017 13:49:09

Xose Luis Rivas Cruz na data 06/11/2017 13:49:12



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/11/2017 13:52
Nº Rexistro: 19780
Data envío: 06/11/2017 13:52:32.034

Noa Presas Bergantiños na data 06/11/2017 13:49:13

Xosé Luis Bará Torres na data 06/11/2017 13:49:15

Ana Pontón Mondelo na data 06/11/2017 13:49:19

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado, María Dolores Toja Suárez, María Concepción Burgo López e Luís Manuel Álvarez Martínez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 4ª.

Don Enrique Labarta Pose (Baio, 1863-Barcelona, 1925), escritor e xornalista galego, referente da literatura galega de finais do século XIX e primeiro cuarto do século XX. Cabe destacar na súa traxectoria a súa participación nos faladoiros da Academia da Mocidade Católica, onde ten ocasión de coñecer a escritores como Valle-Inclán, Augusto González Bicada, Juan Barcia Caballero, Vázquez de Mella, Cabeza de León ou Alfredo Brañas.

Labarta Pose é un poeta encadrado na liña costumbrista de finais do século XIX, aínda que incorporou elementos modernistas. Algunhas das súas obras: Galicia Humorística (1888), O País Galego (1888), A Pequena Patria (1890), Extracto de Literatura (1893) e Pasatempos (1893-1894); dirixiu Galicia Moderna (1897) e colaborou en Galicia Recreativa e A miña Terra co pseudónimo de Antón de Rabodegalo. Un dos volumes da Biblioteca Galega comprende a obra do Tío Miseria e outros contos, de Labarta Pose.

A súa memoria segue aínda viva na súa vila natal. Así, o colexio da localidade leva o seu nome, mentres que as asociacións locais de carácter cultural máis relevantes (Adro e Badius) homenaxean ano tras ano ao escritor coa finalidade de propoñer a súa homenaxe coa dedicación do Día das Letras Galegas, ata o punto de constituírse unha comisión para canalizar esta petición, encabezada por un científico e catedrático da Universidade de Santiago de Compostela, o profesor Jorge Mira, coñecido divulgador e director do programa Conciencia da USC.

Quizá un dos fitos máis relevante no afán por destacar a figura e a obra do escritor, viviuse hai máis de 20 anos coa publicación da obra Contos (Galaxia, editada por Xosé Manuel Varela Varela e Xosé María Lema), un libro que recolle oito dos relatos que Labarta Pose publicara en 1897 e 1908 en revistas diversas.



Grupo Parlamentario

Enrique Labarta Pose foi pioneiro introducindo a literatura na Costa da Morte, e con ela o xénero humorista, como un sinal de identidade dos seus relatos, ambientados en moitos lugares do interior desta comarca da provincia da Coruña

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Por iso o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a implicarse institucional e orzamentariamente na difusión e conmemoración da figura e da obra do intelectual, escritor e poeta baiés, Enrique Labarta Pose a través de convenios de colaboración co Concello de Zas (no que se sitúa a localidade na que naceu), e coas entidades culturais Adro e Badius, que veñen todos eles emprendendo actualmente actividades de homenaxe e conmemoración da vida e da obra de Enrique Labarta Pose.

Pazo do Parlamento, 6 de novembro de 2017

Asinado dixitalmente por:

María Dolores Toja Suárez na data 06/11/2017 16:31:57

Maria de la Concepción Burgo López na data 06/11/2017 16:32:13

Luis Manuel Álvarez Matínez na data 06/11/2017 16:32:25

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 06/11/2017 16:32:42

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Patricia Vilán Lorenzo e Juan Manuel Díaz Villoslada, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 1ª.

No Diario Oficial de Galicia do 14 de marzo de 2017, a Consellería de Economía, Emprego e Industria publicou a Orde *do 2 de marzo de 2017 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións aos concellos galegos para a creación de espazos activos de emprendemento comercial no medio rural e se procede á súa convocatoria para o ano 2017 (código de procedemento IN2011)*.

Na propia exposición de motivos, establécese que “O Plan estratéxico de impulso ao comercio de Galicia 2015-2020 ten entre os seus obxectivos o apoio á creación de empresas comerciais, impulsando as novas ideas, a competitividade e o emprendemento, e sinala que Galicia presenta unha riqueza rural que merece ser preservada tamén desde o punto de vista comercial, garantindo unha dotación comercial suficiente, para o que é necesario potenciar a creación de empresas situadas no ámbito rural polas sinerxías xeradas, a procura do equilibrio da oferta comercial do territorio, a garantía do abastecemento da poboación rural e a mellora da comercialización dos produtos autóctonos”.

No Anexo I recolle as bases reguladoras para a concesión das subvencións, que no artigo 3 establece que poderán ser beneficiarios das subvencións, sen prexuízo de reunir os demais requisitos establecidos nestas bases, os concellos da Comunidade Autónoma de Galicia de ata 20.000 habitantes.

No artigo 8 establece os criterios de valoración das solicitudes presentadas.

No Diario Oficial de Galicia do 4 de setembro de 2017 a Consellería de Economía, Emprego e Industria publicou a Resolución do 23 de agosto de 2017, da Dirección Xeral de Comercio e Consumo, pola que se publican as subvencións concedidas ao abeiro da dita Orde, resultando beneficiados 11 concellos.



Grupo Parlamentario

Por iso o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a:

Partido dos
Socialistas
de Galicia

1ª) Incrementar a contía destinada para esta subvención en 2.000.000 €.

2ª) Publicar, en anos sucesivos, a convocatoria desta subvención no mes de xaneiro.

3ª) Resolver a concesión de subvención no mes de maio, co fin de que as entidades beneficiarias poidan programar axeitadamente a realización das obras.

Pazo do Parlamento, 6 de novembro de 2017

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 06/11/2017 18:10:41

Patricia Vilán Lorenzo na data 06/11/2017 18:10:48

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 06/11/2017 18:10:56

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 06/11/2017 18:11:11

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de **Concepción Burgo López, Luis Manuel Álvarez Martínez, José Antonio Quiroga Díaz, Raúl Fernández Fernández e María Luisa Pierres López**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **Proposición non de lei en Comisión 2.^a, Ordenación do Territorio, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

Exposición de motivos

No arranxo feito da estrada LU-710 que une O Cádavo e Baralla, deixouse sen modificar o tramo que vai dende o enlace da A-6 ata Baralla.

Esta é unha estrada sinuosa, estreita e que está en moi mal estado, sendo un perigo para os usuarios que son moitos dado que a LU-710 é o enlace máis directo do núcleo central de Baralla ca A-6, polo que é necesario arranxala con urxencia, e modificala dándolle un ancho de 9 metros e facendo variacións no trazado para corrixir as curvas.

A necesidade desta intervención foi recoñecida pola Xunta de Galicia en 2010, cando o conselleiro de Infraestruturas e Territorio, Agustín Hernández, comprometeuse a facer as obras neste tramo e garantiu que tería as mesmas características que os quilómetros xa arranxados. Pero, como é moi habitual coa Xunta de Galicia, as promesas foron incumpridas e nunca máis se soubo sobre este arranxo.

É absolutamente necesario que a Xunta cumpra as súas promesas e arranxe, no menor tempo posible, este tramo da estrada LU-710 para aumentar a seguridade dos usuarios.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte Proposición non de lei:

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a iniciar, nun prazo máximo de seis meses, os trámites necesarios para realizar as obras de arranxo da estrada LU-710 entre o enlace ca A-6 e Baralla, de tal maneira que este tramo teña as mesmas características e a mesma anchura de 9 metros que o resto da estrada xa arranxada.”

Pazo do Parlamento, 6 de novembro de 2017

Asdo.: Concepción Burgo López
Luis Manuel Álvarez Martínez
José Antonio Quiroga Díaz
Raúl Fernández Fernández
María Luis Pierres López
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia
Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María de la Concepción Burgo López na data 07/11/2017 11:12:22

Luis Manuel Álvarez Matínez na data 07/11/2017 11:12:33

José Antonio Quiroga Díaz na data 07/11/2017 11:12:40

Raúl Fernández Fernández na data 07/11/2017 11:12:46

María Luisa Pierres López na data 07/11/2017 11:12:51

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 07/11/2017 11:12:57

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu Portavoz e por iniciativa dos deputados e deputadas, Paula Prado del Río, Isabel Novo Fariña, César Fernández Gil, Antonio Mouriño Villar, Alberto Pazos Couñago, María Julia Rodríguez Barreira e Jacobo Moreira Ferro, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Comisión.

Exposición de motivos

O próximo ano cumpriranse corenta anos desde aquel 6 de decembro de 1978, día en que o pobo español, cun 88% dos votos, deu o seu respaldo ao proxecto de Constitución aprobado polas Cortes Xerais, elixidas democraticamente o 15 de xuño de 1977, unha data digna tamén de recordo, homenaxe e recoñecemento. Con exemplar responsabilidade e sentido construtivo, os españois dotámonos dunha norma constitucional que proclama no seu artigo 1 o principio fundamental do noso sistema de convivencia política, ao afirmar que “España constitúese nun Estado social e democrático de Dereito, que propugna como valores superiores do seu ordenamento xurídico a liberdade, a xustiza, a igualdade e o pluralismo político”.

A etapa vivida no noso país ata chegar a ese 6 de decembro de 1978 constitúe, sen dúbida, unha das etapas máis fascinantes da nosa Historia contemporánea e continúa sendo, a día de hoxe, referente e modelo para outros países que transitan dun réxime autoritario a unha democracia sólida, baseada no imperio da lei, a participación democrática, o pluralismo político e a defensa dos dereitos fundamentais e liberdades públicas.

O amplo consenso entre as forzas políticas da época, tan dispares nas súas formulacións ideolóxicas previas, son a mellor proba da enorme xenerosidade de todos en aras a lograr o acordo, defender o ben común e superar os enfrontamentos do pasado, remando todos na mesma dirección, co fin de converter España nunha democracia moderna, recoñecendo ademais, o dereito á autonomía das nacionalidades e rexións que a integran e a solidariedade entre elas, tal como proclama o artigo 2.

Os esforzos por buscar puntos de confluencia e a capacidade de antepor o sentido de Estado ás lexítimas aspiracións dos partidos políticos deron como froito unha Constitución que permitiu a España consolidar o seu réxime democrático e progresar en todos os ámbitos: crecemento económico, desenvolvemento social, igualdade e pluralismo.

Corenta anos despois, eses acontecementos e a madurez democrática demostrada merecen o recoñecemento das institucións e aconsellan que desde o Parlamento de Galicia se impulsen e promovan aqueles actos de homenaxe que permitan aos españois en xeral, e aos galegos en particular, celebrar aquela data histórica de 1978 e transmitir ás xeracións futuras ese espírito de acordo.

Recreando aquel histórico consenso pretendemos alcanzar o maior acordo posible para divulgar o contido da Constitución e, en definitiva, render homenaxe a quen fixeron posible que baixo o paraugas do noso texto constitucional, España puidese superar enfrontamentos, dificultades e conflitos e que hoxe podamos presumir de ser unha das democracias máis prósperas e asentadas da nosa contorna, e Galicia conta cunha autonomía política garantida constitucionalmente.

Por todo isto:

“ 1.- O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a que demande do Goberno do Estado impulsar as medidas necesarias para a celebración o 6 de decembro de 2018, do “Cuadraxésimo Aniversario da Constitución Española de 1978”, promovendo e apoiando tanto actividades propias para tal fin como as que realicen as Cortes Xerais, institucións, organizacións, universidades e centros educativos, así como as asociacións que representen á sociedade civil en xeral.

2.- O Parlamento de Galicia manifesta a súa adhesión aos actos conmemorativos que están a promover e coordinando as Cortes Xerais para a celebración o 6 de decembro de 2018, do “Cuadraxésimo Aniversario da Constitución Española de 1978”, de acordo co acordado na reunión de Mesas conxuntas do Congreso e do Senado o pasado 20 de setembro de 2017.

3.- A tal fin, O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a participar nos devanditos actos, así como asumir o compromiso de realizar, no uso das súas competencias, as actividades que se consideren oportunas, buscando a participación de todos os cidadáns, prestando especial atención ao recoñecemento constitucional de Galicia como nacionalidade histórica e titular do dereito ao autogoberno garantido na nosa norma fundamental.”

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2017

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 07/11/2017 11:42:05

Paula Prado Del Río na data 07/11/2017 11:42:22

María Isabel Novo Fariña na data 07/11/2017 11:42:47

César Manuel Fernández Gil na data 07/11/2017 11:42:57

Antonio Mouriño Villar na data 07/11/2017 11:43:02

Alberto Pazos Couñago na data 07/11/2017 11:43:13

María Julia Rodríguez Barreira na data 07/11/2017 11:43:25

Jacobo Moreira Ferro na data 07/11/2017 11:43:38

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa dos seus deputados, José Manuel Pérez Seco, José Antonio Quiroga Díaz e Abel Fermín Losada Álvarez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 6ª.

En pleno século XXI, o da era informática e da internet, cando se loita en Galicia por estender a banda larga ao rural galego, aínda quedan lugares nos que, por falla de tensión eléctrica, facer un uso simultáneo da neveira e o conxelador, ver a televisión, poñer a lavadora ou utilizar maquinaria de muxir nunha granxa é case imposible.

O problema da falla de tensión eléctrica no rural galego é un problema que, por un lado, están a sufrir os gandeiros e gandeiras que levan dende sempre coas súas explotacións no mesmo lugar e queren ampliar a súa explotación gandeira e non teñen a tensión eléctrica necesaria, polo que estes gandeiros teñen que reforzar a liña eléctrica de todos os veciños, pagando eles a mellora necesaria.

E, por outro lado, están os gandeiros e gandeiras que queren emprender un novo proxecto e que por temas de urbanismo teñen que construír onde non chega a rede eléctrica, polo que estes emprendedores teñen que se facer cargo dos custes da nova liña eléctrica.

Por iso o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego para que se dirixa ás empresas subministradoras de enerxía eléctrica co fin de buscar unha solución conxunta ás deficiencias que presenta a electrificación no rural, por unha banda a escasa potencia e por outra e necesidade de reelectrificación nalgunhas zonas.

Pazo do Parlamento, 7 de novembro de 2017



 Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

Jóse Manuel Pérez Seco na data 07/11/2017 17:16:28

Partido dos
Socialistas
de Galicia

José Antonio Quiroga Díaz na data 07/11/2017 17:16:37

Abel Fermín Losada Álvarez na data 07/11/2017 17:16:46

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 07/11/2017 17:16:56

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa do seu deputado **Davide Rodríguez Estévez** e das súas deputadas **Paula Vázquez Verao e Eva Solla Fernández**, a través do seu voceiro **Luís Villares Naveira**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei**, para o seu debate na **Comisión 5.^a**, sobre as medidas a adoptar para diminuír os tempos de espera na atención sanitaria.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A galega caracterízase por ser unha poboación envellecida: na actualidade, o 23% da poboación supera os 65 anos. Moitas destas persoas residen no medio rural, circunstancia que conleva certas particularidades como son o despoboamento, illamento, dispersión xeográfica, problemas de mobilidade, carencia de recursos e servizos básicos, etc.

Esta situación vese favorecida polas políticas de desmantelamento do rural do Partido Popular e o seu progresivo estrangulamento dos servizos públicos neste contexto, que obriga á cidadanía a emigrar (cara as cidades...), perder dereitos e ter que deixar de vivir onde residiron sempre, cando a gran maioría da poboación maior o que quere é permanecer nos seus fogares o maior tempo posible.

Un claro síntoma dese estrangulamento do rural é o desmantelamento da atención sanitaria, como se pode comprobar en calquera pobo da xeografía galega, estrangulamento que será moito peor se se chega a aprobar como pretenden a modificación da Lei de Saúde de Galicia.



O papel aguántao todo, pero a supresión das áreas sanitarias terá consecuencias moi graves para a poboación: Xa antes de aprobar esa modificación, a atención sanitaria no rural ten graves eivas, como se pode constatar na provincia de Ourense, nos centros de saúde de Viana, Petín... e mesmo no hospital comarcal de O Barco de Valdeorras, onde servizos esenciais como o de rehabilitación, fisioterapia, cardioloxía, etc. perden recursos a cada momento, coa pretensión de centralizar a atención en Ourense.

Esta situación vese agravada no rural pola falta dun adecuado transporte público nas comarcas, o que provoca que a veciñanza, sobre todo a xente maior, se vexa obrigada a coller taxis e gastar cartos en desprazarse aos centros de saúde ou hospitais, servizos esenciais e que cada vez están máis afastados dos seus domicilios.

O dereito máis básico é o dereito á saúde, porque sen saúde non existen os demais dereitos, pero no medio rural, aos problemas de desprazamento engádenselle outros asociados, como os tempos de espera que teñen que padecer os/as pacientes dos hospitais galegos: no hospital comarcal de O Barco, actualmente estanse dando citas para rehabilitación para dentro de ano e medio, é unha situación inaceptable.

Desde En Marea defendemos o respecto e a atención á cidadanía independentemente de onde residan así como o dereito das persoas a permanecer nos seus domicilios, no seu entorno, se así o desexan, todo o tempo que poidan e rexeitamos totalmente a modificación da Lei de Saúde de Galicia tal e como se plantexa.

Por todo o exposto anteriormente o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei, para o seu debate en Comisión:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Presentar ante o Parlamento de Galicia, no prazo máximo de 3 meses, un informe detallado sobre o número de persoas en listas de espera en Galicia en agarda de cita ou atención sanitaria (primaria ou especializada).
2. Reforzar de xeito estrutural (cubriendo ou creando novos postos de traballo onde se precise) a plantilla de persoal en centros de saúde e hospitais, tamén no rural (algo que non está a acontecer), para reducir as listas de agarda, así como abrir camas pechadas para aumentar os recursos.
3. Presentar ante o Parlamento de Galicia, no prazo máximo de 5 meses, un Plan Integral de Atención Sanitaria específico para as comarcas rurais galegas, onde se teñan en conta as circunstancias do rural e da súa poboación, así como o criterio de tódolos axentes implicados.

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2017.

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez

Paula Vázquez Verao

Eva Solla Fernández

Deputado e deputadas do G.P. de En Marea

Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:



David Rodríguez Estévez na data 07/11/2017 17:21:21

Paula Vázquez Verao na data 07/11/2017 17:21:39

Eva Solla Fernández na data 07/11/2017 17:21:45

Luis Villares Naveira na data 07/11/2017 17:22:07

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado, María Dolores Toja Suárez e Julio Torrado Quintela, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 8ª.

Dende Muros tense solicitado a Portos de Galicia en reiteradas ocasións, a construción dunha rampla no peirao de Esteiro para a baixada e subida de embarcacións, así como para facilitar os labores portuarios. Ao mesmo tempo, e xa que os deportes acuáticos están en auxe, facilitaríaa o funcionamento do club de remo. A dita petición foi acordada co Patrón Maior de Muros, concluíndo que é unha necesidade urxente, por iso o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a realizar as xestións necesarias para levar a cabo a construción dunha rampla no peirao de Esteiro en Muros, para a baixada e subida de embarcacións, o que facilitaríaa os labores portuarios e a realización de deportes acuáticos.

Pazo do Parlamento, 7 de novembro de 2017

Asinado dixitalmente por:

María Dolores Toja Suárez na data 07/11/2017 17:37:46

Julio Torrado Quintela na data 07/11/2017 17:38:00

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 07/11/2017 17:38:08

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado, Luís Manuel Álvarez Martínez, e da súa deputada, María Concepción Burgo López, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 4ª.

Os recortes e a normativa que os promoveron como o RD de abril de 2012 provocaron a perda de máis de 45.000 docentes no sistema educativo e permitiu o aumento das taxas de interinidade de maneira xeneralizada en todas as comunidades autónomas con taxas que superan o 25 %.

O Ministerio de Educación, Cultura e Deportes eludiu este problema e non puxo nin medios nin solucións para afrontar esta grave situación, e como consecuencia volvémonos a atopar con imprevisións. É necesario lembrar a importante perda de docentes no sistema público, mentres aumentaba de maneira sostida o número de alumnos e disparábase a situación de interinidade ata unha porcentaxe inaceptable para o correcto funcionamento do sistema educativo, especialmente no referente á equidade e á calidade educativa.

Na pasada primavera alcanzouse un acordo entre Goberno e organizacións sindicais para a oferta pública de emprego dos próximos anos, que tamén afecta o sistema educativo, sendo esta unha oportunidade excepcional para revertir a drástica redución de docentes, e para que sexa realmente eficaz debe partir do acordo e o diálogo. A educación en España non se pode permitir unha improvisación máis e esixe un acordo con axentes educativos e gobernos autonómicos que nun prazo razoable permita articular o incremento de oferta pública docente dos sucesivos anos co obxectivo de:

1. Mellorar a calidade e a equidade do sistema educativo que esixe reducir as taxas de interinidade e recuperar efectivos docentes estables.
2. Garantir o mecanismo xusto e eficaz que promova a redución das taxas de interinidade.
3. Promover un sistema equilibrado para a estabilidade do docente que sufriu o impacto de recortes.



Grupo Parlamentario

Esta é unha oportunidade excepcional sobre un tema básico para o bo funcionamento do sistema educativo e a demostración de que se pode e se debe construír a política educativa desde o acordo e non a confrontación.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Por todo iso, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a que se dirixa o Goberno central co fin de promover un acordo sobre a oferta pública docente coas consellerías de Educación dos gobernos autonómicos no seo da Conferencia Sectorial de Educación e coas organizacións sindicais educativas na mesa sectorial, que permita:

1º) Suprimir a taxa de reposición e que para este proceso se oferte o maior número de prazas posibles desde a convocatoria de 2018 ata a de 2022.

2º) Favorecer a coordinación de todas as comunidades autónomas para que coincidan as convocatorias dos distintos corpos en todo o Estado.

3º) Non incluír requisitos nestas probas diferentes aos que xa se estaban esixindo.

4º) Non introducir ningunha modificación no temario das oposicións de 2018 e 2019.

5º) Promover a modificación do Real decreto 276/2007 do 23 de febreiro, introducindo unha disposición transitoria, co fin de que as convocatorias de oposicións que se produzan desde 2018 ata 2022 contemplan as seguintes cuestións:

- a) A puntuación global do concurso-oposición resultará da ponderación dun 60 % da puntuación obtida na fase de oposición, e dun 40 % da puntuación obtida na fase de concurso.
- b) Incrementar os 5 puntos actuais que se outorgan na fase de concurso pola experiencia docente previa ata 7 puntos
- c) Ampliar o número de temas a elixir na proba escrita



 Grupo Parlamentario

d) Que as probas da fase de oposición non sexan eliminatorias

6º) Promover a mellora progresiva das condicións laborais do colectivo docente interino, para eliminar a inestabilidade e a precariedade do devandito colectivo, e avanzar, en función da dispoñibilidade orzamentaria das CC.AA, cara ás mesmas condicións laborais que o resto do persoal docente.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Pazo do Parlamento, 7 de novembro de 2017

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Matínez na data 07/11/2017 18:12:52

Maria de la Concepción Burgo López na data 07/11/2017 18:13:05

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 07/11/2017 18:13:18

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, por iniciativa dos seus deputados **Manuel Lago Peñas e Antón Sánchez García**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 3.^a**.

Exposición de motivos

No sistema de financiamento autonómico coexisten impostos compartidos entre o Estado e as CCAA e outros tributos cedidos en exclusiva ás Comunidades Autónomas sobre os que teñen plena capacidade tanto normativa como na súa xestión recadatoria. Os impostos cedidos son patrimonio, sucesións e doazóns, transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados.

As variacións na recadación dos impostos cedidos dependen de factores compartidas polo conxunto das CCAA —como a evolución da economía— e outros específicos de cada unha delas, basicamente a eficiencia da administración tributaria e os cambios nas normas fiscais (tipos impositivos, mínimos exentos, bonificacións..).

Os impostos cedidos ás CCAA son figuras tributarias que no fundamental gravan a riqueza, especialmente, o imposto sobre o patrimonio, converténdose en elementos clave para asegurar a progresividade do sistema fiscal.

Polo dito ata aquí, só se pode cualificar de negativa e moi preocupante a evolución da recadación dos impostos cedidos en Galicia porque no período 2014/2016 en Galicia cae a recadación mentres que se incrementa no conxunto do Estado.



A recadación dos impostos cedidos de 2016 foi de 481 millóns de euros en Galicia fronte a 558 millóns en 2014: unha caída de 77 millóns equivalente a un retroceso do 13,8%. Esta evolución é difícil de entender tendo en conta que en 2014 se iniciou a fase alcista do ciclo económico, que o PIB nominal medrou o 7,6% entre 2015 e 2016 e que aumentou o número de ricos en Galicia.

Aínda é máis difícil entender porque no resto de España a situación é radicalmente diferente: entre 2014 e 2016 os impostos cedidos aportaron 1.527 millóns de euros máis, un 16% de incremento. Esta dinámica tan diferente entre Galicia e o resto de España pódese cuantificar: en 2014 Galicia recadaba o 5,5% do total das CC.AA do réxime común, en impostos cedidos, baixou ao 4,8% en 2015 e acadou o mínimo en 2016 con só o 4,1%.

Estes datos permiten estimar o custo que ten este comportamento diferenciado: si a recadación dos impostos cedidos en Galicia tivera evolucionado igual que a media do Estado a Xunta tería ingresado 79 millóns de euros en 2015 e 165 millóns de euros en 2016 máis dos que realmente ingresou.

En tan só dous anos, a Xunta deixou de recadar 244 millóns de euros, unha cifra inaceptable tendo en conta que esta redución dos ingresos tributarios dáse ao mesmo tempo que se incrementa a débeda pública: 893 millóns de euros máis entre 2014 e 2016.

O que non se paga con impostos se paga con débeda ou con recortes do gasto. Non é aceptable reducir a contribución da minoría que máis ten mentres que se aumenta unha débeda que logo temos que pagar entre todos.

Pero o dato que require unha explicación detallada por parte da Xunta é que somos a comunidade autónoma que ten a peor evolución na recadación dos impostos cedidos entre as 15 do réxime común.



Das 15 Comunidades autónomas só hai dúas nas que cae a recadación, outras tres que se estancan e nas dez restantes os ingresos fiscais dos impostos cedidos se incrementan de forma significativa.

En Galicia a recadación cae en 77 millóns de euros, o 13,8% dos ingresos de 2014, un enorme retroceso que nos coloca como a peor de todas, cunha diferenza enorme co resto xa que a seguinte é a Rioxa que cae en 10 millóns de euros.

No extremo contrario están comunidades como Aragón na que a recadación incrementouse no 24%, Catalunya que o fixo no 28% e sobre todo Baleares que incrementou os seus ingresos no 39%. Neste caso extremo, se Galicia tivera a mesma evolución que Baleares as arcas públicas galegas haberían ingresado 294 millóns de euros máis so en 2016.

A Xunta ten que explicar esta evolución tan negativa porque somos a peor comunidade de todo o estado. Porque a súa política fiscal en favor dos grandes patrimonios provocou un burato recadatorio de centos de millóns de euros, recursos que haberían permitido actuar contra os efectos máis duros da crise, mellorando a Risa ou ampliando as axudas contra a pobreza enerxética ou para darlle solucións as persoas desafiuzadas.

Levamos anos sufrindo unha política fiscal neoliberal, conservadora, que avanza na desfiscalización das rendas de capital, sobre os grandes patrimonios, provocando un dobre efecto: unha caída na recadación e unha redistribución da carga fiscal, na que os que mais pagan son as persoas asalariadas. Menos impostos sobre a riqueza e mais IVE, e na parte que non chega máis débeda ou máis recortes.

Polo anterior, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Comisión:



O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a reorientar a súa política fiscal en materia de tributos cedidos para que a súa recadación aumente cando menos o mesmo que na media das 15 Comunidades Autónomas do réxime común.

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2017.

Asdo.: Manuel Lago Peñas

Antón Sánchez García

Deputado e voceiro s. do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Lago Peñas na data 07/11/2017 18:19:29

Antón Sánchez García na data 07/11/2017 18:19:40

A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados e deputadas, **César Fernández Gil, María Antón Vilasánchez, Teresa Egerique Mosquera, Carlos Gómez Salgado, Carlos López Crespo, Antonio Mouriño Villar, Moisés Rodríguez Pérez e Martín Fernández Prado**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 4ª, Educación e Cultura**.

Exposición de motivos

A cultura de Galicia viviu na segunda década do pasado século unha esplendorosa Idade de Prata. No ronsel do Rexurdimento que se estendeu dende mediados da centuria anterior ata as portas do século XX e continuando o moi vizoso labor das Irmandades da Fala, en 1920 cristalizou un movemento de renovación cultural e literaria de primeira magnitude, que tivo na publicación da emblemática revista *Nós* o seu epicentro xerador.

As mulleres e homes que colaboraron nas páxinas de *Nós* conformaron unha admirable xeración, que catapultou a nosa cultura e lingua a unha nova época na que a poesía, a narrativa, o teatro o ensaio e, en xeral, todas as artes brillaron incomparables.

Voces referenciais como as de Vicente Risco, Alfonso Daniel Rodríguez Castelao, Ramón Otero Pedrayo, Francisca Herrera Garrido, Antón Losada Diéguez, Florentino López Cuevillas ou Ramón Cabanillas lograron coa súa entrega que a creación literaria, o ensaio científico e a plástica galega alcanzasen cumes nunca antes logrados, abrindo a revista *Nós* á renovación literaria, á integración cosmopolita de colaboradores de distintas partes de Europa e á tradución de textos das máis diversas literaturas. O resultado foi a actualización, normalización e universalización da nosa cultura, superando calquera visión folclórica reduccionista para sorprender a sociedade do seu tempo cunha aposta nidia pola modernidade estética e a afirmación idiomática.

A novela, o relato, a poesía e o teatro, mais tamén a historia, a arqueoloxía, a etnografía, a antropoloxía, a socioloxía ou a filosofía, entre outros variados eidos do estudo e o pensamento, víronse renovados e afianzados co traballo das persoas que capitanearon a revista *Nós* e o grupo ou xeración homónimos nucleados ao seu redor.

Ás súas angueiras sumaron tamén as que moitas e moitos deles levaron adiante dende outra institución que nese mesmo momento sumou luz á tarefa común de traballar a prol da lingua e a cultura de Galicia: o Seminario de Estudos Galegos, fundado en 1923 e centrado na potenciación da presenza do noso idioma especialmente no ámbito científico, académico e universitario, para o que contou co máis sobresaínte da intelectualidade moza daquela altura, na que destacan figuras senlleiras como as de Fermín Bouza-Brey, Xosé Filgueira Valverde, Pura Lorenzana, Lois Tobío, Ricardo Carballo Calero, Josefa Iglesias Vilarelle, Antón Fraguas, Carmen Rey ou Xaquín Lorenzo.

Co obxectivo de difundir adecuadamente esta celebración da cultura, a historia, a investigación, o pensamento e a creatividade galegas, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a desenvolver un proceso de coordinación e de impulso das celebracións do Centenario da Xeración Nós, que comezará en 2020, e que permita, coa colaboración das distintas administracións públicas, institucións e entidades socioculturais, artellar unha programación de actividades que poña en valor e difunda o seu legado”.

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2017

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 07/11/2017 18:20:17

César Manuel Fernández Gil na data 07/11/2017 18:20:27

Maria Antón Vilasánchez na data 07/11/2017 18:20:30

Teresa Egerique Mosquera na data 07/11/2017 18:20:35

Carlos Gómez Salgado na data 07/11/2017 18:20:44

Carlos Enrique López Crespo na data 07/11/2017 18:20:53

Antonio Mouriño Villar na data 07/11/2017 18:21:01

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Moisés Rodríguez Pérez na data 07/11/2017 18:21:09

Martín Fernández Prado na data 07/11/2017 18:21:20

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea a iniciativa súas deputadas e deputados **Paula Vázquez Verao, Eva Solla Fernández, Ánxeles Cuña Bóveda, Luís Villares Naveira, Antón Sánchez García, Carmen Santos Queiruga, Magdalena Barahona Martín, Manuel Lago Peñas, Davide Rodríguez Estévez, Juan José Merlo Lorenzo, Paula Quinteiro Araujo, Luca Chao Pérez, Francisco Casal Vidal e Marcos Cal Ogando**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 5.^a**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A residencia de maiores de Oleiros, da Xunta de Galicia, é un gran centro residencial con 284 prazas.

Este centro conta co seguinte persoal: 4 médicos/as, 19 ATS/DUE, 1 fisioterapeuta, 2 traballador/as sociais, 9 celadores e 91 xerocultores/as de atención directa a xornada completa, ao que se suman 14 a media xornada, segundo o Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais.

A pesares do gran número de residentes, o centro non conta con psicólogo/a e só dispón de 6 horas de visita ao mes de psiquiatría, situación grave na medida en que se ingresan no centro persoas con trastornos psíquicos procedentes dos hospitais psiquiátricos pechados pola Xunta. O propio Director do centro de Oleiros reconece que esta situación non é axeitada, na medida de que este tipo de



centros non conta con unidades nin con persoal específico para a atención destas persoas.

Só unha praza de fisioterapeuta para case trescentas persoas residentes é manifestamente insuficiente.

En canto ao persoal de atención directa, a práctica na residencia de Oleiros é similar a todos os centros de atención de maiores: hai pouco persoal na quenda de noite, cun/cunha auxiliar para cada unidade, con 44 persoas usuarias, e tárdanse en cubrir as baixas e permisos, cando se cobren. En maio de 2017, o sindicato UGT denunciaba a existencia de 9 baixas médicas de persoal sen cubrir, o que agravaba a sobrecarga do resto do persoal, aos que sistematicamente se lles anulan días de asuntos propios e permisos.

Por outra parte, o centro só conta cunha persoa para terapia ocupacional e cunha animadora, que atenden diariamente a unha media de 150 persoas.

Na lavandería, son oito persoas as que traballan na quenda de día, que se reducen a unha soa na quenda de tarde, sendo a carga media de traballo diario duns 1000 quilos de roupa.

Á falta de persoal súmase a falta de material e as deficiencias nas instalacións.

En canto ao material, son precisas novas máquinas de lavado para facer fronte ao alto nivel de traballo, é necesario renovar as camas antigas, que dificultan o traballo do persoal pola inadecuada altura das mesmas, ou dotarse cunha nova máquina de raios, así como renovar bañeiras e adquirir guindastres.

En canto ás instalacións, o deterioro do solo é un problema estrutural que pon en risco tanto a persoal como a persoas usuarias, moitas das cales con mobilidade reducida.

O alto ritmo de traballo e carencias materiais, inciden no feito de que a residencia de maiores de Oleiros teña un dos maiores índices de sinistralidade laboral de



